

Orde do 2 de maio de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2006 de axudas, en réxime de concorrència competitiva, a pequenos comerciantes individuais autónomos que abandonen a actividade comercial en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego.

Unha das debilidades do sector do comercio polo miúdo de Galicia é, sen dúbida, a elevada idade media dos titulares de establecementos comerciais tradicionais, así como as dificultades que existen para o relevo xeracional, unido a unha crecente perda da capacidade competitiva de determinadas formas comerciais tradicionais.

Establécese a necesidade de acadar un axeitado nivel de equipamento comercial coa finalidade de acomodar as estruturas comerciais ás exixencias sociais, finalidade que se conseguiría cun incremento do mercado inmobiliario, favorecendo o cesamento da actividade comercial naqueles comercios sen viabilidade empresarial que asuman o compromiso de arrendar, traspasar, ceder ou vender o establecemento comercial, favorecendo a introdución de innovacións na oferta comercial.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Innovación e Industria, ten como obxectivo prioritario, o establecemento das estratexias axeitadas para abordar esta problemática e, en consecuencia, o Plan de renovación e mellora do comercio galego, prevé entre as súas medidas a consecución da rexeneración do tecido empresarial mediante a aparición de novos comerciantes, e actividades comerciais así como o incremento no mercado inmobiliario da dispoñibilidade dos locais comerciais, situados moitos deles en centros urbanos, núcleos históricos e lugares estratéxicos desde o punto de vista económico e social para a vida das cidades galegas. Para iso, o Plan de renovación e mellora do comercio galego recolle a conveniencia de establecer unhas liñas de actuación mediante as cales se aproben axudas e incentivos orientados á consecución destes obxectivos, de acordo co establecido no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia.

En virtude do exposto, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e proceder á convocatoria para a concesión de axudas para o ano 2006, en réxime de concorrència competitiva, destinadas a fomentaren o relevo xeracional dos empresarios individuais próximos a acadar a idade de xubilación na actividade comercial e a rexeneración do tecido empresarial comercial coa dispoñibilidade no mercado de novos locais comerciais.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das axudas que se establecen nesta orde os comerciantes polo miúdo que teñan capacidade legal para exercer o comercio e se dediquen a el de xeito habitual, de acordo coa definición establecida no artigo 1 do Código de comercio, dedicándose a algunha das actividades que teñan como obxecto exclusivo ou principal a realización de actos de comercio, e que estean incluídos dentro das agrupacións ou epígrafes correspondentes á clasificación do imposto de actividades económicas relacionadas no anexo II desta orde, nun ou varios establecementos comerciais, que cese definitivamente en toda actividade do comercio polo miúdo.

2. No caso de que a empresa estea dada de alta en dúas ou máis epígrafes do IAE, será considerada beneficiaria sempre que a actividade principal estea incluída dentro das agrupacións citadas. Considerarase actividade principal aquela que resulte de conxugar os elementos de facturación e superficie de venda destinada á actividade, que deberá acreditarse, de ser o caso.

3. Con carácter accesorio, tamén poderá ser beneficiario das axudas o cónxuxe do empresario que cesa na actividade comercial, colaborador deste no seu establecemento comercial e autónomo, que reúna os mesmos requisitos co titular do comercio, no momento da solicitude da axuda polo devandito titular.

Artigo 3º.-Requisitos dos beneficiarios.

1. Requisitos do titular.

a) Posuír a condición de comerciante segundo a lexislación mercantil.

b) Exercer, como titular do comercio, unha ou varias das actividades comerciais, de forma ininterrompida durante os últimos dez anos.

Non obstante, considerarase cumprido este requisito, polo comerciante que sucedese ou substituíse no exercicio da actividade comercial que viña desenvolvendo o seu cónxuxe, tras o falecemento deste ou tras o abandono deste de toda actividade comercial, antes da entrada en vigor desta orde, sempre que entre ambos os dous sumen os dez anos exixidos.

c) Estar en posesión dos correspondentes permisos e licenzas municipais expedidos polos concellos respectivos e, de ser o caso, das autorizacións da Consellería de Innovación e Industria.

d) Ter entre sesenta e sesenta e catro anos de idade no momento da solicitude. Non se outorgará ningunha axuda a quen durante o ano 2006 cumpra os sesenta e cinco anos.

e) Estar dado de alta no réxime de traballadores autónomos da Seguridade Social nos dez últimos anos de forma ininterrompida, agás no suposto previsto no parágrafo segundo da letra b) do artigo 3º, e ter cotizado á Seguridade Social un período previo, tal que lle permita completar o período de carencia exixido para causar dereito á pensión de xubilación, polo menos, ao chegar aos sesenta e cinco anos de idade.

f) Comprometerse a abandonar o exercicio profesional da actividade comercial polo miúdo no seu nome, como autónomo, coa obriga de devolver as axudas obtidas e os correspondentes xuros de demora desde o seu pagamento, no caso de reiniciar calquera actividade comercial.

g) Comprometerse a ceder a actividade comercial de todos os establecementos ou locais de negocio nos que viña desenvolvendo a actividade a un terceiro. Entenderase que se cumpre o requisito de cesión coa presentación dos correspondentes contratos ou escrituras de doazón, venda, arrendamento, traspaso ou rescisión, nos que figurará o compromiso do cesionario de abrir o local no prazo máximo de seis meses, e que vai desenvolver unha actividade comercial polo miúdo, ou para o exercicio dunha actividade económica ou profesional que complementa a oferta existente na zona onde se asente, logo do informe positivo da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, ou no seu defecto, certificado acreditativo expedido por un axente da propiedade inmobiliaria (API), da posta á disposición para o mercado inmobiliario do devandito local para dedicarse exclusivamente a unha actividade de carácter comercial non excluída polo artigo 2º desta orde, ao valor de mercado e de lle dar publicidade, polo prazo máximo dun ano; antes de finalizado este prazo deberá presentar contrato de cesión, arrendamento, traspaso ou venda, xa que, de non facelo, deixará de percibir a subvención.

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderálles solicitar aos axentes da propiedade inmobiliaria (API) correspondentes, toda a información que considere necesaria sobre o cumprimento do disposto na letra g).

A cesión do establecemento comercial ou do local no que se viña exercendo a actividade será como mínimo de tres anos ou, en todo caso, polo tempo igual ao que falte para que o beneficiario cedente cumpra os sesenta e cinco anos de idade.

h) Que o resto de rendementos netos regulares da unidade familiar, sen os ingresos da actividade empresarial na que cesa, non supere os 15.000 euros no último exercicio.

i) No caso en que o solicitante non sexa propietario do local onde exerce a actividade comercial, deberá ter a autorización do propietario en documento público para poñer o local á disposición do mercado.

2. Requisitos do cónxuxe.

Deberá cumprir os mesmos requisitos que o titular no momento do cesamento.

En ningún caso o cónxuxe colaborador que reúna os requisitos para solicitar a axuda, poderá seguir exercendo a actividade comercial xunto ao novo titular dela.

3. Os solicitantes non poderán estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 4º.-Requisitos dos cesionarios.

Os cesionarios do establecemento comercial ou local de negocio deberán cumprir os requisitos seguintes:

a) Ser persoa física que non teña cumprido os 45 anos, nin os cumpra no ano en que se presenta a solicitude, con capacidade legal para exercer o comercio.

En ningún caso pode un cónxuxe ser cesionario do outro cónxuxe que cesa na actividade comercial.

b) Ser persoa xurídica. Neste caso os administradores ou xerentes deberán cumprir o requisito da idade establecido no punto anterior. Así mesmo, non poderán ser titulares das súas accións ou participacións nin o empresario que cesa, beneficiario da axuda, nin o seu cónxuxe, nunha porcentaxe superior ao dez por cento, un só ou conxuntamente, nin tampouco das accións ou participacións, na mesma porcentaxe, das sociedades titulares de máis do vinte por cento do capital daquela.

Artigo 5º.-Contía e ámbito.

1. As subvencións que se establezan para as actuacións obxecto desta orde, serán con cargo á aplicación orzamentaria 10.05.521A.770.2 Rexeneración do tecido empresarial comercial, cunha consignación orzamentaria de 1.140.000 euros para o ano 2006 e de 5.700.000 euros para dar cobertura ás anualidades futuras que se xeren, logo da autorización do Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 58 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado mediante Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e de acordo coa seguinte distribución:

Aplicación orzamentaria: 10.05.521A.770.2.

Ano 2006: 1.140.000 euros.

Ano 2007: 1.140.000 euros.

Ano 2008: 1.140.000 euros.

Ano 2009: 1.140.000 euros.

Ano 2010: 1.140.000 euros.

Ano 2011: 1.140.000 euros.

Estas contías poderán ser incrementadas en función das peticións presentadas e de acordo coas dispoñibilidades de crédito.

2. Os cedentes percibirán ata acadar a xubilación definitiva e como máximo ata o día en que cumpran os sesenta e cinco anos de idade:

a) Un pagamento anual, con independencia do número de establecementos comerciais que se posúan e a variedade de actividades comerciais que se viñeran desenvolvendo, con importe incluíndo as cotas correspondentes á Seguridade Social do beneficiario que se fixa na cantidade de dez mil (10.000) euros ata cumprir os sesenta e cinco anos como máximo, rateándose a correspondente ao último ano por meses completos, en función daquel no que se acade aquela idade.

O primeiro ano percibirase o devandito pagamento na súa totalidade, sen rateo, en concepto de indemnización.

b) O cónxuxe do cedente que cumpra os requisitos establecidos no artigo 3.2º, terá dereito a percibir un 50% do importe fixado para o titular. No caso de se producir a xubilación ou falecemento do cedente, o seu cónxuxe conservará o dereito á axuda que viñese percibindo e durante o período de tempo que lle falte para causar dereito á súa prestación por xubilación.

3. Estas axudas quedan sometidas ao réxime de axudas de mínimos, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos (100.000 euros nun período de tres anos) establecidos no Regulamento (CE) nº 69/2001, da Comisión da Unión Europea, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de mínimos (DOCE nº L10, do 13 de xaneiro).

Artigo 6º.-Presentación de solicitudes e documentación.

1. As solicitudes deberán axustarse ao modelo que se publica como anexo I desta orde e dirixirse ao conselleiro de Innovación e Industria e presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Innovación e Industria ou a través de calquera das formas sinaladas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, entre as que se inclúen os rexistros dos concellos que subscribiron convenio de colaboración para a implantación dun sistema intercomunicado de rexistro coa Administración autónoma de Galicia.

2. A solicitude presentarase acompañada da documentación enumerada no anexo III desta orde, sen prexuízo do disposto no artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. Ademais poderánlle xuntar cantos outros documentos consideren que poden servir para xustificala.

3. O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 7º.-Criterios de selección.

Tendo en conta o carácter de concorrència competitiva desta convocatoria, no caso de que o importe das axudas correspondentes ás solicitudes recibidas supere a dotación orzamentaria dispoñible, as resolucións estimatorias dítanse de acordo coa seguinte orde de prelación decrecente:

1. A maior idade dos comerciantes, titulares do establecemento que soliciten a axuda.

2. O menor número de traballadores afectados polo cesamento da actividade comercial.

3. Traballadores afectados polo cesamento da actividade que continúen prestando os seus servizos na empresa cesionaria.

4. Valorarase positivamente a actividade económica ou profesional que se desenvolverá no local, tras a súa cesión, que complemente a oferta comercial existente, no caso en que se indique na solicitude.

5. Valorarase positivamente a menor idade do posible cesionario/a no caso de que o solicitante o faga constar na súa solicitude, acompañe o DNI e resulte beneficiario da axuda.

6. Valorarase positivamente a situación do comercio retalista en concellos con menor índice de renda familiar bruta dispoñible, segundo a última publicación do indicador municipal da renda dos fogares elaborado polo IGE.

Artigo 8º.-Instrución e resolución.

1. A Dirección Xeral de Comercio e Consumo será o órgano competente para a instrución dos procedementos que se tramiten ao abeiro do disposto nesta orde.

2. Conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude de subvención non reúne os requisitos exixidos nesta orde, o solicitante será requirido para que, nun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte á recepción do devandito requirimento, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, terá por desistido da súa petición, tras a resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 42 da citada lei.

3. Os órganos administrativos encargados do procedemento poderán reclamar dos solicitantes a documentación adicional que consideren oportuna.

4. Revisados os expedientes e completados, se é o caso, o órgano instrutor deberá emitir, como paso previo á valoración un informe relativo ao cumprimento dos requisitos que para os solicitantes se establecen no artigo 3º desta orde.

Unha vez que o órgano instrutor emita informe sobre as solicitudes, procederá a avaliación das solicitudes atendendo aos criterios de selección sinalados no artigo 7º, por unha comisión de valoración, constituída para o efecto, que estará integrada por un xefe de servizo, un xefe de sección e un técnico da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

5. O conselleiro de Innovación e Industria ditará a resolución de concesión ou denegación da axuda solicitada.

O beneficiario da axuda deberá aceptala no prazo de quince días contados a partir do seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, e para os sós efectos da optimización dos créditos dispoñibles. No caso contrario, e logo de requirimento por parte da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, entenderase que renuncia á axuda ou subvención concedida e procederase de conformidade co establecido no artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de

régime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A aceptación da axuda formalizarase mediante documento asinado polo beneficiario no que se compromete a cumprir todas as condicións establecidas nesta orde de convocatoria de axudas e, se é o caso, na resolución de concesión desta, segundo anexo VII desta orde.

6. As resolucións de concesión ou denegación das axudas ou subvencións serán motivadas, de acordo cos criterios de selección das normas reguladoras, notificaranse aos interesados e poñerán fin á vía administrativa.

As resolucións estimatorias das solicitudes de concesión de axudas ou subvencións expresarán, polo menos, o obxecto, o nome e a contía da axuda e, no caso de que teña carácter plurianual, as cantidades outorgadas con cargo aos orzamentos de exercicios posteriores.

7. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses contados desde a publicación desta orde.

O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexitima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de axuda ou subvención.

Artigo 9º.-Xustificación da axuda ou subvención.

1. Concedida a axuda e previamente ao seu cobramento, o beneficiario deberá acreditar o abandono da actividade comercial e achegar a documentación que se relaciona no anexo V desta orde, sen prexuízo do disposto no artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, antes do 31 de outubro de 2006, salvo que na resolución do outorgamento se sinala un prazo maior.

A falta de presentación da devandita documentación no prazo indicado implicará a anulación da axuda ou subvención concedida.

2. Entre o día un e o trinta de xaneiro de cada ano posterior ao da concesión da axuda, e ata o remate desta, o beneficiario deberá presentar a documentación que se indica no anexo VI desta orde, sen prexuízo do disposto no artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 10º.-Certificación e pagamento.

1. Unha vez acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 9.1º, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, expedirá aos beneficiarios unha certificación na que constará o importe das axudas e os períodos aos que corresponde a súa percepción.

2. O importe anual das axudas aboarase nun único pagamento, mediante transferencia bancaria á entidade financeira ao número de conta designado polo beneficiario, para o que se lle unirá á documentación de xustificación, certificación expedida pola entidade bancaria onde conste código do banco, código de sucursal, díxito de control e código de conta corrente, onde se debe realizar o aboamento.

Artigo 11º.-Régime de recursos.

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nesta orde esgotarán a vía administrativa e contra elas poderase interpoñer:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Directamente recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

E todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, se é o caso, calquera outro que estimen procedente.

Artigo 12º.-Situación do beneficiario respecto da Seguridade Social.

1. Durante o período de percepción das axudas reguladas nesta orde, os beneficiarios quedarán coa obriga de cotizar no correspondente régimen da Seguridade Social, no caso de que deba seguir cotizando para cubrir o período mínimo de cotización de quince anos, debendo ser os propios beneficiarios os que fagan o pagamento das devanditas cotas de cotización á Seguridade Social, e a subscrición, de ser o caso, do correspondente convenio, ou documentación acreditativa de causar baixa no régimen de autónomos, se non se subscribe.

2. A Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá solicitar dos beneficiarios o cumprimento do indicado nos preceptos anteriores, así como realizar cantas xestións sexan precisas para a súa comprobación.

3. Os solicitantes ou beneficiarios deberán comunicar, a maior brevidade, toda variación, no referente á súa situación respecto á Seguridade Social, que se produza, e en todo caso, nun prazo non superior aos dez días seguintes á recepción da documentación acreditativa de tales circunstancias. Así mesmo, no caso de falecemento dalgún solicitante ou beneficiario, este feito deberá ser comunicado polos seus herdeiros inmediatamente, xuntando a correspondente certificación de defunción.

Artigo 13º.-Réxime de incompatibilidades.

1. A percepción das axudas reguladas nesta orde será incompatible coa percepción por parte do beneficiario da pensión de xubilación, en calquera réxime da Seguridade Social ou sistema de previsión que se financie en todo ou en parte con recursos públicos, ou de invalidez permanente no réxime especial de traballadores autónomos, e se deducen do importe das axudas ás prestacións derivadas das situacións de maternidade e IT (incapacidade temporal), ou invalidez permanente en réximes compatibles, ou outras prestacións de carácter periódico da Seguridade Social. Esta dedución non afectará respecto das prestacións periódicas da Seguridade Social por fillo a cargo.

O beneficiario deberalle comunicar á Dirección Xeral de Comercio e Consumo calquera destas situacións nun prazo non superior aos dez días seguintes á recepción da documentación acreditativa de tales circunstancias.

2. Tamén é incompatible esta axuda con calquera outra axuda concedida por outra Administración pública, os seus organismos ou sociedades ou entes públicos, nacionais ou internacionais co mesmo obxectivo.

Artigo 14º.-Reintegro das axudas ou subvencións.

1. Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora devenidos desde o seu pagamento e a perda da subvención para os exercicios que resten de vixencia desta, nos casos seguintes:

- a) Incumprimento da obriga de xustificación.
- b) Obtención da subvención sen reunir as condicións requiridas para a súa concesión.
- c) Incumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.
- d) Incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión da axuda.

Neste último caso, procederá o reintegro e a perda da subvención para os exercicios pendentes de pagamento, desde o momento en que se teña coñecemento dese incumprimento.

2. Con independencia do establecido no punto 1, o incumprimento dos requisitos ou das condicións impostas co motivo da concesión polo beneficiario dará lugar tamén á revogación ou modificación da axuda accesoria concedida ao seu cónxuxe.

3. Todo isto con suxeición ao procedemento establecido no artigo 20 do Decreto 287/2000, do 21 novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. As cantidades que teñan que reintegrar os beneficiarios máis os xuros de demora terán a consideración de ingresos de dereito público e será de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 15º.-Fiscalización e control.

A concesión das axudas ou subvencións reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e do control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma nos termos que establece o capítulo V do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, as actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e no Consello de Contas, así como, se é o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 16º.-Réxime sancionador.

As infraccións administrativas cometidas en relación coas axudas e subvencións reguladas nesta orde sancionaranse de conformidade co disposto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado parcialmente pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, e no capítulo VII do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Artigo 17º.-Publicidade.

Unha vez ultimada a concesión das axudas ou subvencións publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das concedidas con indicación do beneficiario, contía e finalidade da axuda ou subvención.

Disposición adicional

A execución, durante o ano 2006, dos compromisos de gasto, dará lugar á formalización dos correspondentes gastos plurianuais ao abeiro do disposto no artigo 58 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado mediante Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Disposicións derradeiras

Primeira.-En todo o non recollido nesta orde aplicase o disposto para esta materia no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e demais normativa que resulte de aplicación.

Segunda.-Facúltase a directora xeral de Comercio e Consumo para que dite as disposicións necesarias para a aplicación do disposto nesta orde.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2006.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA O CESAMENTO ANTICIPADO NA ACTIVIDADE COMERCIAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN216A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		DNI / CIF	
EPÍGRAFE IAE	ENDEREZO	SITUACIÓN DO ESTABLECEMENTO	
Nº AFILIACIÓN S.S.	Nº ANOS COTIZADOS Á S.S.	LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
DATOS BANCARIOS			
BANCO	OFICINA	DC	Nº DE CONTA

E na súa representación:

APELIDOS	NOME	DNI / CIF
CARGO		

DATOS DO/DA CÓNXUXE DO/A SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		DNI / CIF	
ENDEREZO			
Nº AFILIACIÓN S.S.	Nº ANOS COTIZADOS Á S.S.	LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
DATOS BANCARIOS			
BANCO	OFICINA	DC	Nº DE CONTA

E na súa representación:

APELIDOS	NOME	DNI
CARGO		

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 2 de maio de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2006 de axudas, en réxime de concorrência competitiva, a pequenos comerciantes individuais autónomos que abandonen a actividade comercial en desenvolvemento do Plan de renovación e de mellora do comercio galego.

SINATURA DO SOLICITANTE

_____, de _____ de 200

Conseleiro de Innovación e Industria

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA / /
	DATA DE EFECTOS / /
	DATA DE SAÍDA / /

ANEXO II

Relación de epígrafes do IAE subvencionables

641.-Comercio polo miúdo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.

642.-Comercio polo miúdo de carnes e miúdos; de produtos derivados cárnicos elaborados: de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados deles.

643.-Comercio polo miúdo de peixe e doutros produtos da pesca e da acuicultura e caracois.

644.-Comercio polo miúdo de pan, pastelería, confeitaría e similares, e de leite e produtos lácteos.

645.-Comercio polo miúdo de viños e bebidas de todas clases.

647.1.-Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor.

647.2.-Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 120 metros cadrados.

647.3.-Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en supermercados, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas se atopen comprendidos entre 120 e 399 metros cadrados.

651.-Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.

652.2.-Comercio polo miúdo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración e de produtos químicos.

652.3.-Comercio polo miúdo de produtos de perfumaría e cosmética, e de artigos para hixiene e aseo persoal.

652.4.-Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herbolarios.

653.-Comercio polo miúdo de artigos para o equipamento do fogar e a construción.

654.2.-Comercio polo miúdo de accesorios e pezas de recambio para vehículos terrestres.

654.5.-Comercio polo miúdo de toda clase de maquinaria.

657.-Comercio polo miúdo de instrumentos musicais, en xeral, así como dos seus accesorios.

659.2.-Comercio polo miúdo de mobles de oficina e máquinas e equipos de oficina.

659.3.-Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.

659.4.-Comercio polo miúdo de libros, xomais, artigos de papelería e escritorio e artigos de debuxo e belas artes.

659.5.-Comercio polo miúdo de artigos de xoiaría, reloxaría, prataría e bixutaría.

659.6.-Comercio polo miúdo de xoguetes, artigos de deporte, roupa deportiva, de vestido, calzado e lacado, armas, cartucheira e artigos de pirotecnia.

659.7.-Comercio polo miúdo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.

661.3.-Comercio polo miúdo en almacéns populares, entendendo por tales aqueles establecementos que ofrecen en seccións múltiples e venden en autoservizo ou en preselección un variado relativamente amplo e pouco profundo de bens de consumo, con unha gama de prezos baixa e un servizo reducido.

662.2.-Comercio polo miúdo de toda clase de artigos, incluíndo alimentación e bebidas, en establecementos distintos dos especificados no grupo 661 e na epígrafe 662.1.

ANEXO III

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGARSE COA SOLICITUDE PRESENTADA POLO/A TITULAR E CÓNXUXE COLABORADOR/A, SE É O CASO

- ☐ 1. COPIA COMPULSADA DO DOCUMENTO NACIONAL DE IDENTIDADE DO/A SOLICITANTE/S.
 - ☐ 2. DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DE ESTAR DADO DE ALTA DURANTE 10 ANOS ININTERROMPIDOS NALGUNHA EPÍGRAFE DO IAE (CERTIFICACIÓN EMITIDA POLA AXENCIA TRIBUTARIA, POLO CONCELLO, CÁMARA DE COMERCIO OU CALQUERA ENTIDADE OU ORGANISMO PÚBLICO CON CAPACIDADE PARA ACREDITALO), SE É O CASO, DEBERÁ ACREDITARSE A CIRCUNSTANCIA PREVISTA NO SEGUNDO PARÁGRAFO DO ARTIGO 3º.1B).
 - ☐ 3. COPIA COMPULSADA DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE ACTIVIDADE DOS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS DOS QUE É TITULAR O/A SOLICITANTE, OU CERTIFICADO EXPEDIDO POLO CONCELLO DA AUTORIZACIÓN CORRESPONDENTE PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE COMERCIAL.
 - ☐ 4. CERTIFICADO OU INFORME LABORAL QUE ACREDITE ESTAR DADO DE ALTA NO RÉXIME DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS DA SEGURIDADE SOCIAL DURANTE OS ÚLTIMOS DEZ ANOS CONTINUADOS, ASÍ COMO DOS PERÍODOS REALMENTE COTIZADOS AOS DISTINTOS RÉXIMES DA SEGURIDADE SOCIAL. NO SUPOSTO RECOLLIDO NO SEGUNDO PARÁGRAFO DO ARTIGO 3º.1B) UNICAMENTE DEBERÁ ACHEGARSE CERTIFICADO DE COTIZACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL.
 - ☐ 5. DECLARACIÓN XURADA QUE CONTEÑA O COMPROMISO DO PETICIONARIO, PARA O CASO DE QUE SE LLE OUTORGUE A AXUDA, DE CEDER TODOS OS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS DOS QUE É TITULAR E DE CAUSAR BAIXA NO IAE POR TODOS ELES. NO CASO DE QUE O/A SOLICITANTE NON SEXA PROPIETARIO/A DO LOCAL COMERCIAL, AUTORIZACIÓN DO/A PROPIETARIO/A EN DOCUMENTO PÚBLICO, PARA QUE O/A SOLICITANTE REALICE TODAS AS XESTIÓNS NECESARIAS PARA TRASPASAR OU ALUGAR O LOCAL PARA UNHA ACTIVIDADE COMERCIAL POR CANDOMENOS TRES ANOS OU MENTRES O/A BENEFICIARIO/A PERCIBA A SUBVENCIÓN.
 - ☐ 6. DECLARACIÓN XURADA QUE CONTEÑA O COMPROMISO DO/A PETICIONARIO/A, PARA QUE, NO CASO DE QUE SE LLE OUTORGUE A AXUDA, DE CAUSAR BAIXA NO RÉXIME DE AUTÓNOMOS, E DE SUBSCRIBIR CONVENIO COA SEGURIDADE SOCIAL, NO CASO DE NON REUNIR O PERÍODO MÍNIMO DE CARENZIA EXIXIDO PARA CAUSAR DEREITO Á PRESTACIÓN POR XUBILACIÓN AO ALCANZAR OS 65 ANOS DE IDADE.
 - ☐ 7. DECLARACIÓN XURADA DO/A SOLICITANTE/S, PARA O CASO DE QUE SE LLE OUTORGUE A AXUDA, DE NON REINICIAR NINGUNHA ACTIVIDADE COMERCIAL.
 - ☐ 8. DECLARACIÓN EXPRESA SOBRE A CONCESIÓN OU SOLICITUDE DE OUTRAS AXUDAS OU SUBVENCIÓNS PARA A MESMA FINALIDADE PROCEDENTES DE CALQUERA ADMINISTRACIÓN OU ENTES PÚBLICOS OU PRIVADOS, NACIONAIS OU INTERNACIONAIS ASÍ COMO DECLARACIÓN EXPRESA DE NON ESTAR INCURSO EN NINGUNHA DAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NO ARTIGO 13 DA LEI 38/2003, DO 17 DE NOVEMBRO, XERAL DE SUBVENCIÓNS, SEGUNDO ANEXO IV DESTA ORDE.
 - ☐ 9. CERTIFICADO DE MATRIMONIO, NO CASO DE SOLICITUDE ACCESORIA DE AXUDA DO/A CÓNXUXE COLABORADOR/A.
 - ☐ 10. DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO NÚMERO DE TRABALLADORES EMITIDA POLA SEGURIDADE SOCIAL.
 - ☐ 11. DECLARACIÓN XURADA DO CONXUNTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS OU PROFESIONAIS QUE DESENVOLVEN.
 - ☐ 12. COPIA DA DECLARACIÓN DA RENDA DO ÚLTIMO EXERCICIO.
 - ☐ 13. CERTIFICADOS ACREDITATIVOS DE ESTAR AO CORRENTE NAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E DE NON TER PENDENTE DE PAGAMENTO NINGUNHA DÉBIDA POR NINGÚN CONCEPTO COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA.
- ADEMAIS DISTO, E PARA OS EFECTOS SINALADOS NO ARTIGO 7º DESTA ORDE, PODERASE ACHEGAR A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:
- ☐ A) DECLARACIÓN DO Nº DE TRABALLADORES QUE CONTINUARÁN PRESTANDO SERVIZOS NA EMPRESA CESIONARIA.
 - ☐ B) DECLARACIÓN DA ACTIVIDADE PROFESIONAL QUE SE DESENVOLVERÁ NO LOCAL, TRALA DA CESIÓN.
 - ☐ C) COPIA COMPULSADA DO DNI DO POSIBLE CESIONARIO.

ANEXO IV**DECLARACIÓN DE SUBVENCIONS OU OUTRAS AXUDAS PÚBLICAS SOLICITADAS/CONCEDIDAS PARA A ACTIVIDADE OBXECTO DE SOLICITUDE E DE NON ESTAR INCURSO NAS CIRCUNSTANCIAS DO ARTIGO 13 DA LEI 38/2003, DO 17 DE NOVEMBRO, XERAL DE SUBVENCIONS**

D./Dª. _____ con DNI/CIF nº _____ en calidade de _____ comparece en representación de _____ con DNI/CIF _____

DECLARA (sinalar cun X o que proceda)

- ☐ Non ter solicitado outras axudas para o proxecto obxecto da solicitude.
- ☐ Ter solicitado axudas e subvencións dos organismos que se mencionan a continuación para o proxecto obxecto da solicitude:

CONVOCATORIA (2)	ORGANISMO	CÓDIGO EXPEDIENTE (2)	S/C/P (3)	DATA	IMPORTE	AXUDA RÉXIME MÍNIMIS (SI/NON)

(1) Indicar a orde de convocatoria da axuda ou subvención para a cal se solicitaron ou recibiron axudas doutros organismos.

(2) De non coñecerse o código de expediente, reflectir o programa ou liña de axudas do organismo.

(3) Indicar a situación actual da axuda: S (solicitada). C (concedida). P (pagada).

Así mesmo, comprométome a comunicar á Dirección Xeral de Comercio e Consumo calquera nova solicitude, concesión ou cobramento que se produza con posterioridade a esta declaración, e en todo caso, antes do cobramento da/s axuda/s correspondente/s á esta solicitude.

- ☐ Igualmente declara que o/a solicitante non está incursado/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas conforme o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración-compromiso.

_____, de _____ de 200__

Asdo.: _____

ANEXO V**DOCUMENTACIÓN PARA ACHEGAR UNHA VEZ CONCEDIDA A SUBVENCIÓN PARA QUE POIDA EFECTUARSE O PAGAMENTO**

- ☐ 1. DECLARACIÓN RESPONSABLE POLA QUE SE COMPROMETA AO ABANDONO DEFINITIVO DA ACTIVIDADE DE COMERCIO POLO MIÚDO EN CALIDADE DE EMPRESARIO.
- ☐ 2. CONTRATO DE DOAZÓN, CESIÓN, ARRENDAMENTO, TRASPASO OU VENDA DO ESTABLECEMENTO COMERCIAL ASÍ COMO O DNI DO CESIONARIO.
- ☐ 3. BAIXA NO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.
- ☐ 4. BAIXA NO RÉXIME DE AUTÓNOMOS, E COPIA DO CONVENIO SUBSCRITO COA SEGURIDADE SOCIAL NO CASO DE NON REUNIR O PERÍODO DE CARENCE EXIXIDO PARA CAUSAR DEREITO Á PRESTACIÓN POR XUBILACIÓN AO ALCANZAR OS 65 ANOS DE IDADE, OU CANDO O SUBSCRIBA VOLUNTARIAMENTE.
- ☐ 5. CERTIFICACIÓN EXPEDIDA POLA ENTIDADE BANCARIA ONDE CONSTE CÓDIGO DE BANCO, CÓDIGO DE SUCURSAL, DÍXITO DE CONTROL E CÓDIGO DE CONTA CORRENTE, ONDE SE DEBE REALIZAR O ABOAMENTO.
- ☐ 6. CERTIFICACIÓNS ACREDITATIVAS DE ESTAR AO DÍA NAS OBRIGAS FISCAIS E DA SEGURIDADE SOCIAL E DE NON TER DÉBEDAS POR NINGÚN CONCEPTO COA XUNTA DE GALICIA EMITIDAS POLOS ORGANISMOS CORRESPONDENTES.
- ☐ 7. XUSTIFICANTE DE AXUDAS OBTIDAS OU DECLARACIÓN DAS SOLICITADAS OU QUE SE PREVÉ OBTER PARA A MESMA FINALIDADE EN CALQUERA OUTRA ADMINISTRACIÓN, ENTES PÚBLICOS OU PRIVADOS, NACIONAIS OU INTERNACIONAIS, INDICANDO A SÚA CONTÍA. (ANEXO IV).

ANEXO VI**DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGARSE ANUALMENTE DURANTE O TEMPO QUE DURE A AXUDA**

- ☐ 1. CERTIFICADO OU INFORME DA VIDA LABORAL ACREDITATIVO DA SÚA SITUACIÓN NA SEGURIDADE SOCIAL, EXPEDIDO NO MES INMEDIATO ANTERIOR Á SÚA PRESENTACIÓN.
- ☐ 2. CERTIFICACIÓNS ACREDITATIVAS DE ESTAR AO CORRENTE COAS OBRIGAS FISCAIS E DA SEGURIDADE SOCIAL E DE NON TER DÉBEDAS POR NINGÚN CONCEPTO COA XUNTA DE GALICIA, EMITIDAS POLOS ORGANISMOS COMPETENTES.